



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de maio 2018 , adoptou o seguinte acordo:

9.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL DO CONCELLO DE VIGO E ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 386/242.

Visto o informe de fiscalización de data 15/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 15 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 29/05/2018 13:35

Páxina 1 de 3

Expediente 386/242

CSV: 2AEB57-AC28AF-88E7E2-M69YSQ-LNPZYJ-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	91,06
2º	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	90,03

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 7 e 19 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán presentar a documentación para acreditar a habilitación profesional esixida ("Se achegará certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e autorización para operar no sector de seguros de responsabilidade civil, agás as excepcións previstas na normativa sectorial vixente").
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.684,25 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación".

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., o día 27 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida o 9 e 14 de maio de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 15 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 29/05/2018 13:35

Páxina 2 de 3

Expediente 386/242

CSV: 2AEB57-AC28AF-88E7E2-M69YSQ-LNPZYJ-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábles a través de fórmula de data 19 de abril de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ALLIANZ COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A., o procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos (386-242) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 370.000 euros (exento de IVE).*
- b) *Propón unha redución do importe da franquía sobre o mínimo establecido na cláusula 9 do PPT de 1.000 euros.*
- c) *Propón o seguinte incremento nos límites e sublímites sobre o mínimo establecido na cláusula 5.1 do PPT:*

Límite/sublímite	Incremento
Sublímite por vítima para responsabilidade civil patronal	150.000,00 €
Límite xeral por sinistro	5.000.000,00 €
Límite xeral por anualidade	15.000.000,00 €
Sublímite prexuízos patrimoniais puros	950.000,00 €

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 29/05/2018 13:35

Páxina 3 de 3

Expediente 386/242

CSV: 2AEB57-AC28AF-88E7E2-M69YSQ-LNPZYJ-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>